

## Nota de prensa

**OMIC A Coruña**  
**30/05/2011**



## O 1 de xuño comeza o prazo de inscrición na “Escola de Verán 2011”

***Vai dirixida a nenos/as e mozos/as cunha idade comprendida entre os 3 e os 12 anos.***

Dende a Oficina Municipal de Información ó Consumidor do Concello da Coruña informamos de que en poucas xornadas comezará a súa andaina a “Escola de Verán 2011” da OMIC, unha iniciativa didáctica e formativa no senso de acadar un espírito crítico nos consumidores/as. Esta Escola de Verán vai dirixida principalmente a nenos/as e mozos/as cunha idade comprendida entre os 3 e os 12 anos.

### **Programa**

No mes de xullo desenvolveranse de luns a venres, nas instalacións da OMIC na Rúa Costa da Palloza, 8 unha gran variedade de obradoiros prácticos e didácticos, que se reparten en dúas áreas temáticas:

1. Xogamos todos (do 1 ao 15 de xullo)
2. Comemos todos (do 18 ao 29 de xullo)

As actividades serán dinamizadas por un equipo de educadores/as que aplicarán unha metodoloxía activa e práctica, para que os e as participantes pasen unha mañá amena e activa, aprendendo a consumir. Na primeira área farán un estudo de mercado e crearán o seu propio xoguete con material de refugallo. E na segunda área descubrirán o proceso que seguen os produtos no mercado, dende a súa elaboración ata a chegada á casa.

### **Horario**

De 10.00 a 13.30 horas poden asistir todos os días que desexen, despois de que os seus pais/nais ou titores/as cubran a correspondente folla de inscrición.

## **Prazo de inscrición**

O prazo para inscribirse será do 1 ao 30 de xuño.

## ***Procedemento para inscribirse***

Os pais/nais ou titores deberán entregar cuberta unha folla de inscrición que poden recoller na propia OMIC ou ben descargar da páxina web da OMIC ([www.coruna.es/omic](http://www.coruna.es/omic)), no apartado de publicacións. Tamén poderán realizala vía web no apartado de inscricións.

Para solicitar máis información está a disposición da cidadanía o número de teléfono 981.189.820.